
UN NARRADOR NATO

Carlos Casares

Presidente do Consello da Cultura Galega

Escribir a biografía de Basilio Losada, limitándose a dar simplemente datos obxectivos, sería inxusto, porque a vida deste home non cabe entre a súa data de nacemento e os anos que agora o levan a xubilarse como profesor. Con toda a riqueza e a súa brillantez académica, na que como investigador e docente marcou a varias xeracións de alumnos, se non lle engadimos outros elementos persoais, esa soa condición de gran mestre de estudantes daríanos un retrato distorsionado, algo borroso, deste intelectual tan singular. Basilio Losada é moito máis que o profesor Losada.

Coñecino hai xa moito tempo, cando eu era a penas un adolescente e el un mozo de menos de trinta anos. Tiña xa o aspecto nobre que ten hoxe: rostro eslavo, barba literaria, ollos a veces melancólicos, a veces coñóns, sempre limpos, e esa capacidade inmensa para presentar a cada amigo como un dos escritores máis importantes de Europa ou do Mundo, pero sen utilizar nunca a retórica ou a lisonxa, senón a xenerosidade cordial que o caracteriza. A min fíxome crer, cando tiña pouco máis de vinte anos, que era un gran escritor, e con eso conseguíu que escribira de verdade, superando o medo que entón me paralizaba.

Cando coñecín a Basilio Losada en Barcelona, nunhas circunstancias divertidas, case disparatadas, que teño contado con detalle no primeiro capítulo do meu libro *Un país de palabras*, chamoume a atención a súa capacidade inesgotable para a narración verbal. De seguida o incluí na nómina, certamente non moi abundante, dos grandes fabuladores que eu tivera a sorte de tratar ata entón, desde “O Parolante” de Sabucedo, que vira lebres de oito patas, ata o ourensán Xulio Losada, un home que cando falaba dunha cobra feroz que descubrira un día non recordo ónde, abría a boca dunha maneira que daban ganas de botarse a correr.

Confeso que a Basilio lle debo algúns dos momentos máis gratos da miña vida, o mesmo falando de literatura ou de pintura, asuntos sobre os que ten sempre opinións persoais e moi intelixentes, resumidas con frecuencia en frases lapidarias, que escoitando o seu riquísimo anecdotario, inesgotable, máxico, fantástico, capaz de converter o mundo nunha fábula que non ten fin. Quen non lle teña escoitado a historia da mili e o rei de Xordania ou a aventura do machete que lle foi requisado pola policía brasileira, ou tantas outras, é como se non lese *Madame Bovary* ou *Ana Karenina*, e non creo esaxerar.

Basilio Losada é autor dunha obra oral única, das máis ricas que coñezo, eu que tiven a sorte de tratar ós grandes mestres do xénero en Galicia, como Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole ou Rafael Dieste. Basilio non só non desmerece de ningún deles, senón que creo que se nestas cousas da creación e do espírito se puidesen establecer clasificacións ou xerarquías, como ocorre nos concursos ou nas competicións deportivas, el sería, polo menos para min, o número 1 con carácter indiscutible, un Premio Nobel da literatura falada aceptado por todos. Lamentablemente, unha parte desta obra evapórase no mesmo acto da creación e queda só como recordo na memoria dos seus “lectores”.

Durante anos, eu sempre tiven a sospeita de que Basilio Losada era un narrador nato, pois nos seus relatos orais empregaba sabiamente os recursos da novela e do conto, nuncaouben se dunha maneira inconsciente ou por puro reflexo das súas moitas e variadas lecturas do xénero. Porque cómpre dicir que Basilio foi toda a súa vida un lector contumaz, coa sorte ademais de poder ler en varias linguas, e que figura entre os grandes coñecedores da novela europea e americana deste século. Nunca entendín, polo tanto, que a súa vocación literaria non agromara dunha vez e se decidise, como teñen feito moitos ilustres profesores como el, a dar o paso da crítica á literatura, sen renunciar tampouco a aquela.

A primeira sorpresa recibina no ano 1993, cando lin o seu primeiro conto, *Ero de Armenteira*, publicado naquela fermosa iniciativa que se chamaron os Contos do Castromil. Alí estaba claro que, igual que Cunqueiro ou Fole ou Dieste, Basilio Losada non só era un excelente narrador oral, senón que podía ser, como eu supuxera, un magnífico escritor de ficción. Aquel primeiro relato era unha pequena xoia, elaborada co mesmo primor que o seu autor puña nos contos que nos contaba ós amigos durante os xantares ou nas tertulias. Eu gocei coa súa lectura o mesmo que tiña gozado coas narracións orais, pero co pracer engadido que me proporcionaba unha prosa limpa, posta ó servizo dunha historia preciosa, narrada coa mestría dun sabio narrador.

Cando eu lle transmitín a miña opinión sobre aquel conto, Basilio riu escépticamente, púxose un pouco nervioso e cambiou de conversación, como se sentise vergonza de entrar en finca allea a roubar froita que non lle pertencía. Supuxen que aquela rápida incursión en territorio non explorado fose unha circunstancia excepcional na súa vida e que non pensaba repetir. Eu lamenteino, non só por el, senón tamén pola nosa literatura, que vin que se ía privar de sumar á lista dos seus escritores unha figura de primeira orde, capaz de entregarlle páxinas destinadas a incrementar a riqueza dunha narrativa necesitada de bos contadores.

Por fortuna, equivoqueime para ben. Un día, durante unha viaxe a Barcelona, Basilio anuncioume que estaba escribindo unha novela. O simple relato de cómo nacera aquela iniciativa constituía xa unha pequena novela en si, chea de detalles sorprendentes, ese recurso que Basilio Losada manexa cunha mestría incomparable, pero que a min me fixo pensar que se podía tratar dun conto fermoso, destinado a formar parte do seu riquísimo acervo literario de carácter oral. Curiosamente, uns meses máis

tarde, a novela existía xa sobre o papel e ademais tiña editor. Pouco despois, eu recibía un exemplar cunha dedicatoria chea de afecto por parte do autor.

Convertido en novelista, con éxito de crítica e de público, Basilio Losada chega a unha parte da súa vida na que unha regulación de tipo administrativo pon coto á súa condición de profesor. Estou seguro de que vai ser unha desgracia para a universidade e para os alumnos, pero tal vez sexa un ben para a literatura. A última vez que estiven con el, Basilio confirmoume o seu propósito de seguir escribindo novelas. No plano persoal, ignoro qué consecuencias anímicas terá isto de sentirse un xubilado. Supoño que para o meu querido amigo, ningunha importante. Foi el que escribiu aquela frase tan fermosa coa que remata o conto de *Ero de Armenteira*, referida precisamente ó tempo: “O tempo é algo que non existe da banda de fóra, senón algo que os homes levan no corazón.” No seu corazón, Basilio leva un rapaz feliz, inocente, xeneroso, e un escritor cun longo e brillante porvir por diante. O mesmo que lle sucedeu, hai moito tempo, coa súa carreira de profesor.